

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE ARBO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA LXVI FESTA DA LAMPREA DE ARBO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Arbo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Arbo para o apoio á celebración da LXVI Festa da Lamprea de Arbo.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da



comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa da Lamprea.

Cuarto.- Este ano Arbo celebrará a 66ª edición da Tradicional "Festa da Lamprea". Terá lugar a última fin de semana do mes de abril, do 24 ao 26 de abril. Durante eses días celebración Arbo ofrecerá as súas singularidades en temas turísticos, gastronómicos e promocionar dentro do evento gastronómico o turismo activo, o turismo rural e os elementos culturais parellos aos evento gastronómicos.

A Festa comezará coa inauguración do evento aparelado a Festa como é a organización de "Arbomostra, XXX Feira Agroindustrial e Artesanal da Bisbarra do Condado Paradanta. En Arbomostra expoñen os seus produtos, importantes adegueiros da subzona Condado "Rías Baixas" cos seus viños e licores, especialistas en gastronomía da comarca, Asociacións tradicionais e artesanais, organizacións, empresas de servizos ao cidadán.

Esta festa ten como característica singular, que é a festa gastronómica máis antiga de Galicia.

O Concello consciente deste valor en alza, organiza os eventos mediante a participación conxunta de restauradores e adegueiros locais. A maridaxe que se produce entre



produtos fluviais e viño brancos da DO rías Baixas dá, se cabe, maior realce aos eventos gastronómicos que se celebren.

Coa celebración da LXVI Festa da Lamprea Arbo consegue os obxectivos de promocionar o sector restaurador local, dar pulo aos viño da DO Rías Baixas producidos en Arbo, amosar que a riqueza fluvial do Río Miño permite unha gastronomía específica durante todo o ano, facer patente a enorme potencialidade que en turismo activo ten este concello, impulsar ao turismo rural local promocionando a riqueza paisaxística, patrimonial e de lecer e, finalmente vinculando todo elo con valores culturais e oportunidades de ocio respectuoso que se poden desenvolver neste pequeno Concello do rural durante todo o ano.

Este ano Arbo celebra a 66 edición da tradicional Festa da Lamprea, unha das festas gastronómicas máis veteranas de España. Trátase dun festival gastronómico que se celebra dende 1961 e dada a súa importancia turística, económica e tradicional, o 16 de xaneiro de 2023 foi declarada pola Secretaría de Estado de Turismo como **Festa de Interese Turístico Internacional**.

Quinto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sexto.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un



Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétimo.- Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Arbo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

